



Desde a Asociación Cultural Maravallada e un pracer volver a poñernos en contacto para informar de que este ano ¡¡VOLVE O AQUÍ CÁNTASE!!!.

Despois do éxito acadado o pasado ano coa colaboración de asociacións e particulares, o noso seguinte reto é facer que este evento se consolide na cidade de Pontevedra conseguindo un novo fito de participación.

Para nós é un orgullo ver como esta idea está sendo exportada a outras vilas e cidades e comprobar como o gusto por cantar xuntos toma un pulo ata o de agora impensable.

O próximo día 9 de Agosto, coa axuda dun importante número de persoas que poñen o seu gran de area desde as Asociacións Veciñais e coa importante aposta do Concello, queremos que as prazas de Pontevedra volvan vibrar con algunhas das cancións mais queridas da nosa musica tradicional.

Este ano contaremos coa inestimable colaboración de **Anxo Xesteira**, estudante do Grao Profesional de Música no Conservatorio Manuel Quiroga, de Pontevedra e compoñente entre outras agrupacións de Treixadura e Os Xeitosiños de Cambados, que será o director deste grande coro de **Aquí Cántase**.

Ás 9 da noite encontraremos na Praza da Ferrería onde faremos entrega das letras co fin de que todo o que queira poida cantar. Seguiremos o percorrido pola Praza de Curros Enríquez ás 21,45, diante do Teatro Principal as 22,30 para finalizar na Praza da Leña até as 12 da noite.

Gustaríanos moito contar coa vosa presenza para, entre todos, facer cada día un pouco mais grande a nosa cultura.

¡¡ÚNETE O GRANDE CORO DE AQUÍ CÁNTASE!!

PARA PARTICIPAR SO FAI FALLA TER GAÑAS